

Utiliza o infinitivo persoal sempre que sexa posible:

1. Despois de chegar, puxémonos a conversar un anaco.
2. Por non estudar nada, vas levar un suspenso.
3. Para chegar a esa conclusión cumpriría ver novas probas, e que nos puxésemos a traballar en serio.
4. De chegar a algo, non será polos esforzos que ti mesmo fas.
5. Ao decidir o futuro da empresa cometemos graves erros de apreciación comercial; ben nos debiamos decatar de que a realidade era outra.
6. Sen realizar algunhas melloras na explotación nunca tiraredes grande rendibilidade; con facer a estabulación libre e uns silos máis amplos, xa poderiades producir a bo prezo.
7. Decidimos facer unha longa viaxe aos Estados Unidos para ver o sitio onde caeron as Torres Xemelgas no 2001 e apreciar as belezas da cidade; en caso de acharnos a gusto, prolongariamos a estadía.
8. Entre saír nós e chegar ti non pasou unha hora.
9. Perderon unha boa cantidade de diñeiro ao rexeitar o premio por diferenzas coa Xunta.
10. Por non estar na casa non che puidemos entregar os telegramas.
11. Dedicábase a vixiar o inimigo desde a atalaia.